

HUMOR e DEPORTE

Xaquín Marín



Edición: INEF-Galicia. Universidade da Coruña

Depósito Legal: C-1464-07

I.S.B.N.: 978-84-9749-241-6

Realización gráfica: Xaniño, S.L. [www.xani.net]

ÍNDICE

	Pág.
Xaquín Marín: a súa traxectoria	5
Unhas palabras do autor	7
Viñetas de humor gráfico e de banda deseñada sobre deporte	9

XAQUÍN MARÍN: A SÚA TRAXECTORIA

Xaquín Marín é considerado, xunto con Raimundo Patiño, o fundador da banda deseñada galega, por publicar en 1975 "2 Viaxes", o primeiro álbum do cómic en Galicia. Nos anos seguintes continuou a asinar álbums de banda deseñada como "Ratas", "Gaspariño" (dous volumes) e "Dos pés á testa". Porén, é no mundo do humor gráfico onde realiza a maioría do seu traballo, destacando como un dos máis relevantes profesionais históricos galegos. Colaborou cunha infinidade de publicacións que inclúen "Teima", "A Nosa Terra", "El Ideal Gallego", "La Voz de Galicia", "Das Kapital", "Can sen dono", "A ameixa cacofónica", "Diario 16", "La Codorniz", "Hermano Lobo" e tamén coa revista "Golfinho" nas súas dúas etapas. Nos últimos anos participou activamente nas iniciativas artísticas que representaban unha resposta crítica á crise do Prestige, promovendo a exposición "Humor Cru" e participando no álbum de cómic "H2Oil" (2003).

Dende hai máis de 20 anos, dende novembro de 1984, é director do "Museo do Humor" de Fene (A Coruña), creado co apoio do concello, o único museo destas características existente en toda España. A idea desta iniciativa xorde da súa preocupación, e da doutra xente do humor e achegados, do perigo de desaparición do humor galego, dese peculiar xeito de ver a vida dos galegos, como consecuencia dos cambios no estilo de vida, da deslocalización da xente do campo —que é onde máis se conserva esa peculiaridade— e da influencia dos medios de comunicación. O "Museo do Humor" parte da idea de que o humor do galego é un ben da cultura galega, polo tanto, ante o risco de perdelo é preciso unha entidade que contribúa a conservalo e a expandilo.

Recibiu ao longo da súa carreira profesional diferentes premios e distincións: Paleta Agromán, Madrid (1982 e 1991), I Premio Galicia de Xornalismo, Santiago (1984, 1989 e 1997), Iº Premio Bienal de Gravobo-Bulgaria (1987), Vieira do Humor, Madrid (1983), Ourense 91 / Banda deseñada (1991), Galego do Ano (1997), Asociacións Culturais de Carballo (1998), Caveira do Samaín, Cedeira (1999), Sorrisa de Prata, Silleda (2002) e Notario do Humor da Universidade de Alicante (2006). Ademais, é membro da Academia do Humor de Pozuelo (Madrid) e Profesor Honorífico de Humor da Universidade de Alcalá de Henares.

As súas obras figuran nos seguintes museos: Carlos Maside (Sada), Museo do Humor de Fene (A Coruña), Museo de Pontevedra, Quiñones de León (Vigo), Museo da Universidade de Alcalá de Henares, Fundación Simavi (Istambul), Museo do Humor de San Antonio de los Baños (Cuba), Club de Humor (Odessa), Casa do Humor e da Sátira (Gravobo-Bulgaria) e Museo do Humor de Acarigua (Venezuela).

En toda a súa obra, tanto na banda deseñada coma no humor gráfico, hai unha actitude de crítica e compromiso social con respecto aos diferentes ámbitos da vida. A mesma postura atopamos cando trata os temas relacionados co deporte. As súas viñetas reflicten algunhas das cuestións máis polémicas do deporte, pero tamen manifestan a importante presenza do deporte na vida cotiá familiar e nas relacións entre homes e mulleres, e lembran algúns dos acontecementos deportivos máis relevantes; en definitiva, os seus debuxos fan un sistemático percorrido polo deporte dos últimos 20 anos.

As viñetas de humor gráfico que recolle este novo “Libro de Bastiagueiro” (nº 8) representan unha mostra da colaboración do autor, dende 1988, co diario “La Voz de Galicia”. Pero tamén inclúen uns exemplos do seu traballo na banda deseñada coa serie “Tonecho” publicada na revista “Golfiño” e as páxinas de “Árbitro” que apareceron con outro formato e en castelán, na revista “Futbol-in”.

As mesmas viñetas forman parte da exposición que se ten realizado na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e, xunto co “Libro de Bastiagueiro” (nº 8), serviron para conmemorar o *Día das Letras Galegas-2007*.

*María José Mosquera.
Vicedecana de Estudiantes e Extensión Universitaria*

UNHAS PALABRAS DO AUTOR

Cústame o deporte! E fago esta afirmación mentres miro, semideitado no meu sofá predilecto o partido de liga do domingo. Ao mellor calquera que empezase a mirar esta publicación polos debuxos, pode quedar perplexo, pero o que afirmo é certo.

Tede en conta que o papel do humorista, polo menos como eu o entendo, é criticar e buscar sempre as caras negativas ou ocultas da poliédrica realidade, coa seguridade de que sempre se pode atopar unha debilidade. Hai anos fixen unha viñeta na que un home remexía no lixo e outros dous comentaban: Pois ten que ser un humorista!

Así, nos debuxos que vistes ou veredes hai violencia, machismo, abusos de xénero, de poder, racismo... aínda que tamén humor polo humor. Pero pensade que a intención dos humoristas é, case sempre, salientar o malo para denunciálo e axudar a que se corrixa.

Nos meus tempos mozos gastei demasiadas horas xogando ao fútbol, e ata xoguei nun equipo que fixeramos en Fene, no que non só non cobrábamos senón que pagabamos para mercar camisetas e para desprazarnos, e onde só un dos xogadores tiña botas de profesional. E digo que foi demasiado tempo por que fun un fracasado de futbolista, quizais polo exceso de responsabilidade que provoca a soidade dos porteiros. Pero daquela estaba posuído por dúas paixóns: o fútbol e o debuxo.

Cando me chamaron do INEF para facer unha exposición e dar unha charla, ademais de aceptar encantando, non dubidei nin por un instante que hai unha relación entre o humor e o deporte, non só polas moitas viñetas que lle adicara ao tema, nin tan sequera polo teorema que estableceu o sabio Willian Fry de que “20 segundos de risa equivalen a tres minutos de remo”, senón máis ben pensando que o humor está en todas partes, e que en todas partes hai oportunidade de facer unha reflexión humorística.

E mirade se é así que contarei unha anécdota que lle escotei a un personaxe do deporte que aparece nun dos debuxos desta publicación: Arsenio Iglesias, que, invitado a unha xuntanza de tetrapléxicos, saudou a un que xacía de cara sen poder moverse na súa camiña con rodas, nunha situación desesperada, e ao dicirlle:

- Que! Como vai esa vida?

Escoitou como resposta:

- Pois xa ves, sobre rodas!

Saquei unha boa impresión da miña visita ao INEF, ata saín con mellor forma física e máis vizoso e coa gravata azul que me regalaron e que aínda hoxe non estreei.


Xaquín Marín. Fene, 10 de Abril de 2007






¡arbitro!





¡arbitro!





i arbitro!







E PARA TRATAR AOS CONTRARIOS NO TERREO DE XOGO, QUERO LEMBRARVOS CALES SON OS DEREITOS FUNDAMENTAIS DO HOME

